

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 3 DE OUTUBRO DE 2024

Asistentes:

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o xoves 3 de outubro ás 10,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen
Presedo Garazo, Antonio

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior correspondente ao 24 de xullo de 2024.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

2. Aprobación, se procede, do cambio de horario do G1 da materia English for humanities, a petición do alumnado (pasa de impartirse os mércores de 19:00-20:00h na aula 0.9 aos mércores de 11:00-12:00h na aula 2.3.).

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Pérez Losada, Fermín
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de

3. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal do Premio Extraordinario de Grao correspondente ao Curso 2022/23, que quedaría composto do seguinte xeito:

Presidente: Prof. Julio Prada Rodríguez.

Secretaria: Prof. Antonio Presedo Garazo.

Vogal: Profa. Yolanda Barriocanal López.

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía
Rodríguez Álvarez, Lucía
Rama Mosquera, Alejandro
Martiñá Álvarez, María

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Xunta de Facultade dispoñen dun máximo de dúas horas (entre as 10:00 e as 12:00 horas do día 3 de outubro de 2024) para pronunciarse sobre os tres puntos da orde do día.

PAS

a) Se o voto é favorable á proposta contida na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a totalidade das proposta contidas na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto con relación a cada un dos apartados.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.



Rematado o prazo de votación da Xunta de Facultade, emitiron o seu voto 15 membros da citada Xunta e todos os votos foron favorables ás propostas recollidas nos puntos da orde do día.

Remata a sesión ás 12,00 h do día 3 de outubro de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro